



Concello de Lourenzá

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2018/4	El Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria urgente Motivo: «APROBACIÓN CONVENIOS CON CONCELLO DE TRABADA PARA FONDO COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2018:XESTIÓN COMPARTIDA, QUE TEN QUE ESTAR APROBADO POLOS DOUS CONCELLOS E ASINADOS ANTES DO 24/08/18.»
Data	7 de agosto de 2018
Duración	Desde as 20:30 ata as 20:36 horas
Lugar	Salón de Sesións
Presidida por	Rocío López García
Secretario	Begoña González Pedregal

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
45432900B	ANA BELÉN MARTÍNEZ FERNÁNDEZ	SÍ
33995905L	Francisco Javier Rodríguez Barrera	SÍ
76565789P	Josefa Rodríguez Lorenzo	SÍ
71865319W	Manuel Arango Ron	SÍ
77595087X	María Emma Álvarez Chao	SÍ
77593740C	Mercedes Dengra Sixto	SÍ
33803722R	Miguel Castrillón Fernández	SÍ
77592743N	Pablo Maseda Fernández	SÍ

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenz

76580879X	Roco Lpez Garca	S
77596320R	ngel Fernndez Villalba	S

Unha vez verificada polo secretario a vlida constituon do rgano, o presidente abre a sesin, polo que se procede  deliberacin sobre os asuntos includos na orde do da

A) PARTE RESOLUTIVA

**Expediente 99/2018. EXAME E APROBACN DOS CONVENIOS
A)CONVENIO ENTRE OS CONCELLOS DE TRABADA E LOURENZ PARA A FORMALIZACN DA ENCOMENDA DE XESTION DA LICITACION E EXECUCN DO PROXECTO DE ADQUISICION DE EQUIPAMENTO E INVESTIMENTO PARA A PROTECCN AMBIENTAL DOS DOUS CONCELLOS.B)CONVENIO DE COLABORACN MARCO PARA A XESTN COMPARTIDA DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE ESPAZOS NATURAIS E ADQUISICN DE EQUIPAMENTO E INVESTIMENTO PARA PROTECCN MEDIOAMBIENTAL NOS CONCELLOS DE LOURENZA-TRABADA.**

Favorable

Tipo de votacin:
Unanimida de/Asentimento

NM. 001.-Expediente 99/2018. EXAME E APROBACN DOS CONVENIOS:
A)CONVENIO ENTRE OS CONCELLOS DE TRABADA E LOURENZ PARA A FORMALIZACN DA ENCOMENDA DE XESTION DA LICITACION E EXECUCN DO PROXECTO DE ADQUISICION DE EQUIPAMENTO E INVESTIMENTO PARA A PROTECCN AMBIENTAL DOS DOUS CONCELLOS.

Aberta a sesin pola Alcalda explicouse a urxencia da sesin polo feito de que as obras debern estar finalizadas antes do 30 de setembro do ano en curso e que como en anos anteriores, o Concello de Trabada e o Concello de Lourenz venen prestando de maneira conxunta dende hai anos o servizo de limpeza de vas municipais , entendido como desbroce e limpeza de cunetas e zonas de afeccin das vas de comunicacin pblicas non urbanas de ambos Concellos.

Que en data 12 de xaneiro de 2018 sau publicado no DOGA N 9 , a Orde de 21 de decembro de 2017 pola que se regulan os criterios de reparticin e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencions da lia en concorrencia non competitiva e da lia en concorrencia competitiva do Fondo de Compensacin Ambiental para o ano 2018, de forma individual e mediante o sistema de xestin compartida ,

Concello de Lourenz



Concello de Lourenzá

destinadas as entidades locais de Galicia.

Que visto o convenio de colaboración entre o Concello de Trabada e Lourenzá para a xestión conxunta do servizo de limpeza de vías públicas, aprobado polo Pleno da Corporación de Lourenzá en data 24 de novembro de 2015, no que indicaba expresamente na súa cláusula Quinta.- Subvencións e axudas: *Para a xestión conxunta e prestación compartida deste servizo ambos concellos poderán tramitar solicitudes de cantas axudas e subvencións ou subscrición de Convenios poidan concorrer, de maneira individual ou conxunta, complementándose o presente convenio coas cláusulas que no seu caso contemplan os convenios que se deban asinar para o cumprimento das condicións das ordes de convocatorias ou convenios.*

Que á vista das necesidades que presenta o servizo, considerouse oportuno que o Concello de Lourenzá xestionara a solicitude conxunta de subvención ao abeiro da *Orde de 21 de decembro de 2017*, para o servizo de mantemento de espazos naturais e adquisición de equipamento para protección medioambiental nos Concellos de Lourenzá e Trabada, por importe total de 120.000, 00 euros, de conformidade co seguinte proxecto en canto a gastos de investimento: subministro de 3 contedores metálicos de 3m/c para recollida selectiva de papel/cartón; 5 contedores iglús de 3m/c para recollida selectiva de vidro, 50 contedores de 800 l. verdes para recollida de residuos sólidos urbanos; 10 contedores de 800 L. amarelos para recollida selectiva de envases, 30 contedores de 360 L. verdes para recollida de residuos sólidos urbanos, subministro e instalación de 103 soportes inox para suxeición de contedores rodantes de recollida de residuos sólidos urbanos de 800 L., fabricados en inox, anclados a soleira de formigón (102) de dous tipos en función da situación do terreo onde vai colocado o contedor.

Que en data 24. de xullo de 2018 ditouse Resolución da Directora Xeral de Administración Local de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se concede subvención ao abeiro da citada Orde de 21/12/17o, ao Concello de Lourenzá como representante único do proxecto conxunto presentado por ambos concellos consistente en: "SERVIZO DE MANTEMENTO DE ESPAZOS NATURAIS E ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO PARA A PROTECCIÓN AMBIENTAL NOS CONCELLOS DE LOURENZÁ E TRABADA", por importe de 72.245,66 euros, dos cales 42.859,81 euros se corresponde coa subvención para investimentos.

Que os Concellos de Trabada e Lourenzá tiñan a intención de executar mediante a fórmula de encomenda de xestión o proxecto de construción de 102 soleiras de formigón, e instalación de 103 suxeita contedores ao abeiro da citada actuación.

Visto o modelo de convenio de formalización da encomenda de xestión incorporado no expediente.

Á vista do exposto, ó Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes sendo o seu número legal de once e polo tanto co quórum esixido no artigo 47.2 h), da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, ACORDA:

PRIMEIRO.- De conformidade co establecido no artigo 11 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, ACEPTAR a encomenda de xestión que efectúe o Concello de Trabada para a licitación, execución e xestión da obtención e xustificación da financiación do Proxecto consistente

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenzá

na "SERVIZO DE MANTEMENTO DE ESPAZOS NATURAIS E ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO PARA PROTECCIÓN AMBIENTAL" (FONDO COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2018), por razóns de eficacia.

Dita aceptación da encomenda de xestión non supón cesión de titularidade da competencia nin dos elementos substantivos no seu exercicio, sendo responsabilidade de todos os Concellos participantes ditar todos os actos ou resolucións de carácter xurídico que dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto de encomenda.

SEGUNDO.- Entrará en vigor o día da sinatura do convenio de formalización e estenderá a súa vixencia dende a súa publicación no BOP de Lugo ata a recepción polos Concellos das obras e se entenderá automaticamente prorrogado ata o transcurso do prazo de fin de garantía, sen prexuízo doutras condicións vinculadas coa financiación da Xunta de Galicia.

TERCEIRO.- Aprobar o modelo de convenio de formalización da encomenda de xestión e facultar á Sra. Alcadesa para a súa sinatura, cuio contido é o que segue:

"No Concello de Lourenzá, a XX de agosto de 2018.

REUNIDOS:

Dunha parte, Dona Mayra García Bermúdez, con DNI 76581,671-C, en nome e representación do Concello de Trabada, con CIF P-2706100-A.

Doutra parte, Dona Rocío López García, con DNI 76.580.879-X, en nome e representación do Concello de Lourenzá, con CIF P-2702700-B.

Ambas en nome e representación de cadanseu concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LBRL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración Local de Galicia (LALGA).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécese capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:

EXPOÑEN:

Primeiro.- *A lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) no seu artigo 25 establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O Municipio exercerá en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.*

O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA), regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.

Segundo.- *O artigo 11 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, establece a posibilidade da realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dun Concello por encomenda a outros concellos cando existan razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.*

Terceiro.- *O artigo 11.3 da Lei 40/2015, regula a necesidade de formalizar a encomenda de xestión entre os distintos concellos mediante a sinatura do correspondente convenio.*

Cuarto.- *O artigo 26 LBRL dispón que os municipios deberán prestar, en todo caso, unha serie de servizos entre os que se inclúe a recollida de residuos.*

Quinto.- *A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, o actual escenario de crise económica que afecta tamén aos concellos obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de*

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenzá

calidade que satisfagan ás súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e xestionar de forma eficiente as actuacións públicas. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación, adquisición coma de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar aos veciños unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

Sexto.- Por outra banda é necesario que as administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños, sendo preciso neste momento de acentuada crise económica realizar un exercicio de políticas públicas responsables coa actual situación, implementando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, minimizando custos que possibiliten o mantemento da prestación dos servizos que ata o de agora se viñan prestando de forma independente.

Sétimo.- Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións locais, polo que se pode acudir, entre outras, á figura da encomenda de xestión, que definida no expoñendo segundo, non supón cesión da titularidade da competencia nin dos elementos sustantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade da entidade encomendante ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto da encomenda .

Oitavo.- Tanto a LRBRL, como a LALGA e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

Noveno.- O Concello de Trabada e o Concello de Lourenzá veñen prestando de maneira conxunta dende hai anos o servizo de limpeza de vías municipais, entendido como desbroce e limpeza de cunetas e zonas de afección das vías de comunicación públicas non urbanas de ambos Concellos.

Dita colaboración se traduce na actualidade en que o operario de limpeza viaria (persoal laboral fixo do Concello de Trabada) presta servizos seis meses ao ano no veciño concello de Lourenzá , participando este no 50 % do custo do servizo .

En data 12 de xaneiro de 2018 saíu publicado no DOG N° 9, a Orde de 21 de decembro de 2017 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrència non competitiva e da liña en concorrència competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2018, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas as entidades locais de Galicia.

Visto o convenio de colaboración entre o Concello de Trabada e Lourenzá para a xestión conxunta do servizo de limpeza de vías públicas, aprobado polo Pleno da Corporación de Trabada en data 23 de novembro de 2015, no que indicaba expresamente na súa cláusula quinta.- Subvencións e axudas. Para a xestión conxunta e prestación compartida deste servizo ambos concellos poderán tramitar solicitudes de cantas axudas e subvencións ou subscrición de Convenios poidan concorrer, de maneira individual ou conxunta, complementándose o presente convenio coas cláusulas que no seu caso contemplan os convenios que se deban asinar para o cumprimento das condicións das ordes de convocatorias ou convenios.

Á vista das necesidades que presenta o servizo, considerouse oportuno que o Concello de Lourenzá xestione a solicitude conxunta de subvención ao abeiro da Orde de 21 de decembro de 2017, para o servizo de mantemento de espazos naturais e adquisición de equipamento para protección medioambiental nos Concellos de Lourenzá e Trabada, por importe total de 120.000, 00 euros, de conformidade co seguinte desenrolo en canto a gastos de investimento: subministro de 3 contedores metálicos de 3m/c para recollida selectiva de papel/cartón, 5 contedores iglús de 3 m/c para recollida selectiva de vidro, 50 contedores de 800 L verdes para recollida de residuos sólidos urbanos, 10 contedores de 800L amarelos para recollida selectiva de envases, 30 contedores de 360 L verdes para recollida de residuos sólidos urbanos, o subministro e instalación de 103 soportes inox para a suxeición de contedores rodantes de recollida de residuos sólidos urbanos de 800L, fabricados en inox, anclados a soleira de formigón de dous tipos en función da situación do terreo onde vai colocado o contedor das que se construírán 102, solidarizados mediante perfiles de unión.

En data do 24/07/2018, a directora xeral de Administración Local, por delegación do

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenzá

vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (disposición derradeira primeira da Orde do 21.12.2017) de acordo co disposto na orde 21 de decembro de 2017 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2018, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia, dentro da liña de subvencións de natureza competitiva contemplada no artigo 3.1.b da devandita Orde, resolveu concederlle á entidade Concellos de Lourenzá e Trabada unha subvención para o proxecto denominado "Servizo de mantemento de espazos naturais e adquisición de equipamento para protección ambiental" por importe total de 72.245,66 €, dos cales 42.859,81 € corresponden ao importe da subvención para investimentos e 29.385,85 € corresponden ao importe da subvención para gastos de funcionamento.

Décimo.- Os Concellos de Trabada e Lourenzá teñen a intención de executar mediante a fórmula de encomenda de xestión o proxecto de subministro de 3 contedores metálicos de 3m/c para recollida selectiva de papel/cartón, 5 contedores iglús de 3 m/c para recollida selectiva de vidro, 50 contedores de 800 L verdes para recollida de residuos sólidos urbanos, 10 contedores de 800L amarelos para recollida selectiva de envases, 30 contedores de 360 L verdes para recollida de residuos sólidos urbanos, o subministro e instalación de 103 soportes inox para a suxeición de contedores rodantes de recollida de residuos sólidos urbanos de 800L, fabricados en inox, anclados a soleira de formigón de dous tipos en función da situación do terreo onde vai colocado o contedor das que se construírán 102, solidarizados mediante perfís de unión ao abeiro da citada actuación.CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- O obxecto deste convenio é levar a cabo de forma conxunta o proxecto de adquisición de equipamento para a protección ambiental nos Concellos de Lourenzá e Trabada (subministro de 3 contedores metálicos de 3m/c para recollida selectiva de papel/cartón, 5 contedores iglús de 3 m/c para recollida selectiva de vidro, 50 contedores de 800 L verdes para recollida de residuos sólidos urbanos, 10 contedores de 800L amarelos para recollida selectiva de envases, 30 contedores de 360 L verdes para recollida de residuos sólidos urbanos, o subministro e instalación de 103 soportes inox para a suxeición de contedores rodantes de recollida de residuos sólidos urbanos de 800L, fabricados en inox, anclados a soleira de formigón de dous tipos en función da situación do terreo onde vai colocado o contedor das que se construírán 102, solidarizados mediante perfís de unión), mediante a fórmula de encomenda de xestión entre os Concellos de Trabada e Lourenzá para o financiamento e execución da citada obra.

Os obxectivos que se pretenden alcanzar son a mellora da protección ambiental vinculado ao servizo de recollida de residuos no ámbito rural de ambos termos municipais.

SEGUNDA.- O ámbito territorial ao que afecta este convenio son os Concellos de Lourenzá e Trabada.

TERCEIRA.- Designase á Alcaldesa do Concello de Lourenzá como representante único que actuará como coordinador e interlocutor ante Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e será quen reciba e xustifique a axuda económica.

Igualmente, o Concello de Lourenzá licitará, adxudicará e xestionará os contratos administrativos de obra e subministros para a execución do presente Convenio, ata a terminación definitiva das obras e/ou actuación.

As posibles incidencias nos contratos administrativos, así como as actuacións complementarias a estes, unha vez aprobadas polo órgano competente do Concello de Lourenzá, serán comunicadas ao Concello de Trabada.

CUARTA.- O Concello de Trabada, no exercicio das súas competencias, comprométense a:

- Nas actuacións preparatorias do contrato administrativo, a prestar aprobación ao proxecto, logo da emisión do informe previsto no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do Solo de Galicia que xa consta no expediente con data 12 de febreiro de 2018.

- A solicitar as correspondentes autorizacións sectoriais con carácter previo á aprobación do proxecto construtivo, no caso de ser necesarias. Segundo os informes urbanísticos de data 12 de febreiro, todos os contedores no Concello de Trabada e no Concello de Lourenzá encóntranse en vías públicas municipais sen que se precise autorización sectorial algunha de outras Administracións titulares de vías nin

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenzá

do órgano competente por zona de policía do Dominio Público Hidráulico, polo que non existe urbanisticamente oposición ningunha ás obras e usos pretendidos polo que se acredita a plena dispoñibilidade dos terreos necesarios para levalos a cabo.

- Colaborar coa tramitación do expediente de licitación, no ámbito da publicidade da actuación a través da súa páxina web e portal de transparencia a fin de promover a concorrencia de licitadores.

- A recepción da obra e ao seu mantemento e conservación, unha vez recibida a mesma, no seu ámbito territorial. Unha vez terminadas as obras e previamente a ser recibidas, notificarase á Alcaldía de Trabada a fin de recepción da obra / actuación que será entregada para o uso público a cada Concello para o seu mantemento e conservación, o que se formalizará na correspondente acta.

- A colaborar coa liquidación do contrato, coa emisión dos informes que en relación co fin do período de garantía se estimen procedentes, antes da devolución da fianza definitiva. A tal fin, unha vez transcorrido o prazo indicado no artigo 111 da Lei 9/2017 de 8 Novembro de Contratos do Sector Público, efectuaranse as comprobacións oportunas do estado de conservación da obra, emitíndose informe sobre non esixencia de responsabilidades e cumprimento satisfactorio do contrato no seu ámbito territorial, con comunicación fehaciente ao Concello de Lourenzá.

- A colaborar e facilitar cantos trámites sexan precisos para a execución do presente acordo, incluídas cantas declaracións e documentos sexan requiridos dende a Xunta de Galicia de conformidade coa Lei de subvencións de Galicia e/ou as normas que regulen ou o convenio que recolla o financiamento da actuación.

-O Concello de Trabada efectúa compromiso de aportación ao financiamento da actuación polo importe máximo de 9.184,25 euros contra a partida 172.629 do orzamento de 2018 (proxecto nº 2017172629). A tales efectos o Concello de Lourenzá efectuará requirimento de abono da cantidade que resulte logo da aprobación da factura/ certificación de obra completa, comprometéndose o Concello de Trabada á súa aprobación e abono no prazo de un mes.

QUINTA- O Concello de Lourenzá asume o compromiso de :

- Tramitar os expedientes de licitación de contratos administrativos de obras / subministros ou mixtos de conformidade coa normativa de contratación do sector público vixente e coas condicións de financiación que acompañen á achega da Xunta de Galicia.

- Comunicar ao Concello de Trabada cantas actuacións resolutorias recaian nos citados expedientes de licitación, con achega de copia íntegra do mesmo no caso de ser requirido.

- A comunicar, coa antelación suficiente, o inicio dos traballos e a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde da mesma.

- A recepción da obra, e o seu mantemento e conservación, unha vez recibida a mesma, no seu ámbito territorial.

Unha vez terminadas as obras e previamente a ser recibidas, o Concello de Lourenzá comprométese a notificar á Alcaldía de Trabada aos efectos da súa recepción.

-A informar ao Concello de Trabada como encomendante da liquidación do contrato, solicitando a emisión dos informes que en relación co fin do período de garantía se estimen procedentes, antes da devolución da fianza definitiva. A tal fin, unha vez transcorrido o prazo indicado no artigo 111 da Lei 9/2017 de 8 Novembro de Contratos do Sector público, efectuaranse as comprobacións oportunas do estado de conservación da obra/ subministro, e recibidos no seu caso os informes que os concellos encomendantes estimen oportunos, efectuar as xestións de esixencia de responsabilidades e cumprimento satisfactorio do contrato.

-A solicitar, xestionar e xustificar a achega de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, dando conta ao concello de Trabada de cantos actos se diten neste sentido, remitindo copia do documento de formalización do financiamento, da conta xustificativa e da toma en razón en contabilidade da achega aportada, con cumprimento pleno das condicións que no seu caso se establezan ao respecto.

-Colaborar e facilitar cantos trámites sexan precisos para a execución do presente acordo.

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenzá

SEXTA.- O presente convenio, logo dos respectivos acordos dos Plenos de ambos Concellos, entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia dende a súa publicación no BOP de Lugo ata a recepción de conformidade polos Concellos das actuacións e se entenderá automaticamente prorrogado ata o transcurso do prazo de fin de garantía, sen prexuízo de outras condicións vinculadas co financiamento da Xunta de Galicia.

SÉTIMA.- Este Convenio será obxecto de publicación nas páxinas web oficiais correspondentes, de conformidade co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. En este sentido, as partes prestan expresamente o seu consentimento para que se lle de ao presente convenio a publicidade esixida.

OITAVA.- O presente convenio ten natureza administrativa, quedando ás partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Non obstante, para a debida coordinación da colaboración das distintas Administracións Públicas intervinientes, así como para propiciar a participación nos obxectivos do Convenio, se constituirá unha Comisión de Seguimento, composta polas titulares das dúas Alcaldías dos Concellos intervinientes, ou concelleiro que legalmente o/s substitúa/n, e a técnica redactora do proxecto, actuando de Secretaria a da Corporación de Lourenzá, sen voz nin voto.

Correspóndelle á Comisión de seguimento:

a) Impulsar e avaliar o cumprimento do convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.

b) Interpretar, en caso de dúbida, o contido do presente Convenio .

c) Informar sobre as incidencias e modificacións que xurdan na execución do proxecto.

d) Propoñer ás a resolución das posibles controversias que poidan xurdir na súa aplicación.

Esta comisión reunirse as veces que consideren oportunas, podendo ser convocada por calquera dos seus membros; os seus acordos se adoptarán por maioría simple.

En proba de conformidade co expresado neste convenio asíñase polas partes comparecentes, por triplicado exemplar e para un só efecto, no lugar e data que se sinalan no encabezamento.

B) CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE ESPAZOS NATURAIS E ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO E INVESTIMENTO PARA PROTECCIÓN MEDIOAMBIENTAL NOS CONCELLOS DE LOURENZA-TRABADA.

Neste punto do orde do día e estando relacionado co explicado no punto anterior, tamén o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión, ACORDOU:

PRIMEIRO.- Aprobar o Convenio de Colaboración Marco para a Xestión Compartida do Servizo de : “SERVIZO DE MANTEMENTO DE ESPAZOS NATURAIS E ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO PARA PROTECCIÓN MEDIOAMBIENTAL NOS CONCELLOS DE LOURENZA-TRABADA”, sendo o seu contido literal o que segue:

No Concello de LOURENZA, a XX de Agosto do 2018.



As Sras. Alcaldesas dos seguintes concellos:

CONCELLO DE LOURENZA: D^a. ROCÍO LÓPEZ GARCÍA, con NIF.: 76.580.879-X

CONCELLO DE TRABADA: D^a. MAYRA GARCIA BERMÚDEZ, con NIF.: 76.581.671-C

Todos en nome e representación do seu referido Concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 dá Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración Local de Galicia (LALGA).

As reunidas actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, facultado, recoñécese capacidade para obrigar nos termos do presente convenio de colaboración, logo dos acordos adoptados polos respectivos órganos competentes, e para o efecto: EXPOÑEN:

Primeiro.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) no seu artigo 25 establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O Municipio exercerá en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenzá

Comunidades Autónomas.

O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA), regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.

Segundo.- O artigo 15 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, establece a posibilidade da realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dun Concello por encomenda a outros concellos cando existan razóns de eficacia o cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

Terceiro.- O presente convenio interadministrativo é unha manifestación xenuína da potestade organizativa bilateral, na medida en que a través de medios de propiedade compartida, ambos concellos colaboran para o exercicio de competencias concorrentes satisfacendo intereses mutuos, e mantendo cada Concello a súa propia competencia na xestión do mesmo.

Cuarto.- O artigo 25 LBRL dispón que os municipios por sí ou asociados deberán prestar, en todo caso, unha serie de servizos entre os que se inclúe o de medio ambiente urbano en particular parques e xardíns así como a prevención e extinción de incendios e ademais o artigo 26 fala como competencia obrigatoria para tódolos municipios a limpeza viaria e acceso aos núcleos de poboación e o artigo 81 LALGA pronúnciase en termos semellantes.

Quinto.- A lexislación sectorial relativa ao servizo que se pretende prestar será a vixente en cada momento.

Sexto.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, o actual escenario de crise económica que afecta tamén aos concellos obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan ás súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e XESTIONAR DE FORMA COMPARTIDA nas actuacións públicas. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación, adquisición coma de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar aos veciños unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

Sétimo.- Por outra banda é necesario que as administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños, sendo preciso neste momento de acentuada crise económica realizar un exercicio de políticas públicas responsables coa actual situación, implementando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, minimizando custos que posibiliten o mantemento da prestación dos servizos que ata o de agora se viñan prestando de forma independente.

Oitavo.- Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que neste caso se concreta no presente convenio de prestación do servizo/s de forma e maneira que o impacto da crise económica nos servizos públicos sexa menor e os resultados da posta en común dos recursos minimicen a crítica situación económica dalgúns concellos.

Noveno.- Tanto a LRBRL, como a LALGA e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

Décimo.- Por todo o anterior, na actual situación de crise económica, a xestión compartida de servizos configúranse como única solución para prestar ou continuar prestando determinados servizos públicos, polo que os concellos asinantes ACORDAN a XESTIÓN COMPARTIDA do seguinte SERVIZO "SERVIZO DE MANTEMENTO DE ESPAZOS NATURAIS E ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO PARA PROTECCIÓN MEDIOAMBIENTAL NOS CONCELLOS DE LOURENZA-TRABADA", mediante o presente convenio segundo as seguintes:

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- OBXECTO.-

O obxecto do presente convenio é fixar ás principais liñas de colaboración así como a coordinación, dirección, xestión, financiamento, organización e funcionamento do servizo de "SERVIZO DE MANTEMENTO DE ESPAZOS NATURAIS E ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO PARA PROTECCIÓN MEDIOAMBIENTAL NOS CONCELLOS DE LOURENZA-TRABADA" a prestar de forma compartida entre os concellos de LOURENZÁ E TRABADA.

SEGUNDA.- DESIGNACIÓN DO CONCELLO REPRESENTANTE.

A xestión do proxecto será realizado polo Concello de Lourenzá, en representación da agrupación, que será a entidade promotora e incluírá todo o relacionado coa xestión do proxecto, aspectos materiais técnicos ou de servizo,

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenzá

en base ó disposto no artigo 15 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas.

Facúltase á Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Lourenzá, D^a. Rocío López García, como representante de ambos concellos, Lourenzá e Trabada, con poderes suficientes para cumprir con tódalas obrigacións que como entidade beneficiaria correspondan á agrupación e que actuará como coordinador, interlocutor, perceptor e xustificadora da axuda.

TERCEIRA.- ÁMBITO TERRITORIAL.-

O ámbito territorial da xestión compartida do servizo será o correspondente ós termos municipais de LOURENZÁ E TRABADA.

CUARTA.- OBECTIVOS DA COLABORACIÓN.-

O presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, para a efectividade da coordinación e eficacia administrativa, que se concreta en:



• Facilitar na actual situación de crise económica a prestación dun servizo público.

• Realizar de forma eficaz e eficiente o servizo público.

• Reducir os custos antieconómicos da prestación illada.

• Garantir o acceso dos veciños a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos



• Suficiente e equilibrada.

• Resposta ás necesidades da poboación mediante unha axeitada planificación previa.

• Optimizar os recursos dispoñibles.

QUINTA.- XESTIÓN COMPARTIDA DO SERVIZO.-

A xestión do servizo levarase a cabo da seguinte maneira:

A) CONCELLO DE LOURENZÁ levará a cabo a contratación do total dos GASTOS DE INVESTIMENTO e unha parte dos GASTOS DE FUNCIONAMENTO, que serían, a saber:

A.1) A adquisición do equipamento para protección medioambiental, por importe de SESENTA E UN MIL DOUSCENTOS VINTE E OITO EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (61.228,30.-) IVE INCLUIDO; consistente no subministro de 3 contedores metálicos de 3m/c para recollida selectiva de papel/cartón, 5 contedores iglús de 3 m/c para recollida selectiva de vidro, 50 contedores de 800 L verdes para recollida de residuos sólidos urbanos, 10 contedores de 800L amarelos para recollida selectiva de envases, 30 contedores de 360 L verdes para recollida de residuos sólidos urbanos, o subministro e instalación de 103 soportes inox para a suxeición de contedores rodantes de recollida de residuos sólidos urbanos de 800L, fabricados en inox, anclados a soleira de formigón de dous tipos en función da situación do terreo onde vai colocado o contedor das que se construírán 102, solidarizados mediante perfís de unión nos Concellos de Lourenzá e Trabada.

EQUIPAMENTO SOLICITADO CONCELLOS LOURENZÁ-TRABADA	ORZAMENTO
CONSTRUCCIÓN DE 102 SOLEIRAS DE FORMIGÓN,	14.537,98 €
GASTOS XERAIS 13.00 %	1.889,94 €
BENEFICIO INDUSTRIAL 6%	872,28 €
I.V.E. (21%)	3.633,04 €
SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE 103 SUXEITA CONTEDORES (IVE INCLUIDO)	18.516,87 €
SUBMINISTRO DE 3 CONTEDORES METÁLICOS DE 3M/C PARA RECOLLIDA SELECTIVA DE PAPEL/CARTÓN (IVE INCLUIDO)	3.357,75 €
SUBMINISTRO DE 5 CONTEDORES IGLÚS DE 3 M/C PARA RECOLLIDA SELECTIVA DE VIDRO (IVE INCLUIDO)	3.539,25 €
SUBMINISTRO DE 50 CONTENEDORES DE 800 L VERDES PARA RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS (IVE INCLUIDO)	10.285,00 €
SUBMINISTRO DE 10 CONTEDORES DE 800L AMARELOS PARA RECOLLIDA SELECTIVA DE ENVASES (IVE INCLUIDO)	2.057,00 €
SUBMINISTRO DE 30 CONTEDORES DE 360 L VERDES PARA RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS (IVE INCLUIDO)	2.539,19 €
ORZAMENTO TOTAL	61.228,30 €

A.2) Unha persoa dedicada á protección do medio ambiente e dos espazos naturais, entre os que se atopan a limpeza e desbroce de camiños e mantemento de xardíns, áreas recreativas, parques, etc. e que xa traballa no Concello de Lourenzá, D. Jorge Maseda Baamonde con NIF. 77596775-L, cunha dedicación a dito servizo do 100% da súa xornada laboral e cun custo de 15.191,22 euros para este servizo; que reparte o tempo traballando un mes no

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenz

desbroce de camios para o que se conta cun tractor propiedade do Concello de Trabada, e cuxos gastos de mantemento tamn se comparten e outro mes no mantemento de espazos naturais.

B) CONCELLO DE TRABADA, xestionria, polo que respecta s GASTOS DE FUNCIONAMENTO, os seguintes:

B.1) Unha persoa dedicada  proteccin do medio ambiente e dos espazos naturais, entre os que se atopan a limpeza e desbroce de camios e mantemento de xardns, reas recreativas, parques, etc. e que xa conta con el,  D. Jos Lus Reigosa Espasande, con NIF. 76570429-W, cunha dedicacin a dito servizo do 90,9042% da sa xornada laboral en dito concello e cun custo de 15.191,22 euros para este servizo, que reparte o tempo traballando un mes no desbroce de camios para o que se conta cun tractor propiedade do Concello de Trabada, e cuxos gastos de mantemento tamn se comparten e outro mes no mantemento de espazos naturais.

B.2) Unha persoa dedicada ao desbroce de camios, e que tamn xa est contratada polo concello de Trabada pero que presta o servizo de maneira compartida nos dous concellos, D. JESUS AMOR VIZCANO, con NIF. 76570492L, que reparte o tempo traballando un mes no Concello de Lourenz e outro mes no Concello de Trabada, cunha dedicacin a dito servizo do 100 % da sa xornada laboral no dito concello e cun custo de 18.036,35 euros para este servizo para o que se est a destinar o TRACTOR que subvencionado ao abeiro da Orde do 21 de Decembro de 2015, pola que se regulan os criterios de reparticin e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencins da lia en concorrencia non competitiva e da lia en concorrencia competitiva do Fondo de Compensacin Ambiental para o ano 2016, de forma individual e mediante o sistema de xestin compartida, destinadas a entidades locais de Galicia; e cuxos gastos de mantemento tamn se comparten.

GASTOS FUNCIONAMENTO DO SERVIZO MANTENIMENTO ESPAZOS NATURAIS E DESBROCE NOS CONCELLOS LOURENZ-TRABADA			
	CONCELLO DE LOURENZ (50%)	CONCELLO DE TRABADA (50%)	TOTAL (100%)
PERSONAL SERVIZO DESBROCE	9.018,175 	9.018,175 	18.036,35 
MANTENIMENTO SERVIC.DESBROCE	5.176,45 	5.176,45 	10.352,91 
PERSONAL PROTECCIN DE ESPAZOS NATURAIS E MEDIO AMBIENTE	15.191,22 	15.191,22 	30.382,44 
TOTAL GASTO	29.385,845 	29.385,845 	58.771,70 

Porcentaxe: 48,9764% do Orzamento Total ACTIVIDADES SOLICITADAS

SEXTA. MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS.-

Cada concello sinalar en anexo ao presente convenio os medios persoais e materiais que dedicar  realizacin das actividades materias, tcnicas ou de servizos que constiten o obxecto da xestin compartida.

STIMA.- SUBVENCIONS E AXUDAS.-

Para a xestin deste servizo solictase axuda  Vicepresidencia e Consellera de Presidencia, Administracins Pblicas e Xustiza, a travs da lia de concorrencia competitiva do Fondo de Compensacin Ambiental para o ano 2018 publicada no Diario Oficial de Galicia nm. 9 de 12/01/18.

OITAVA.- FINANCIAMENTO.-

Os concellos compromtense a garantir un financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente prestacin do servizo asociado. Para este efecto habilitarn s aplicacins orzamentarias necesarias que sern certificadas polo secretario do concello no prazo dun mes dende a sinatura do presente convenio.

O reparto ser:

	CONCELLO DE LOURENZA	CONCELLO DE TRABADA	TOTAL
GASTOS DE INVESTIMENTO EN EQUIPAMENTO	30.614,15 (50%)	30.614,15 (50%)	61.228,30 
PERSONAL SERVIZO DESBROCE	9.018,175  (50%)	9.018,175  (50%)	18.036,35 
MANTENIMENTO SERVIC.DESBROCE	5.176,455  (50%)	5.176,455  (50%)	10.352,91 
GASTOS PERSONAL MEDIO AMBIENTE E ROZA	15.191,22 (50%)	15.191,22 (50%)	30.382,44 
TOTAL	60.000,00(50%)	60.000,00(50%)	120.000,00

Concello de Lourenz



Concello de Lourenzá

TOTAL NATUREZA COSTES	EUROS	PORCENTAXE
INVESTIMENTO	61.228,30 €	51,02%
GASTOS FUNCIONAMENTO	58.771,70 €	48,98%

Cada concello será responsable da exacción das taxas que se xeren pola prestación do servizo no seu termo municipal.

Os concellos deberán transferir nun prazo non superior a dous meses dende o comezo do exercicio orzamentario a cantidade que lle corresponda ao concello que realiza a xestión ordinaria que deberá elaborar unha conta xustificativa composta cando menos de memoria xustificativa e económica, copia das facturas e demais gastos, informe de intervención do cumprimento da finalidade e certificado do secretario da relación de gastos e declaración de axudas, procedéndose ao reintegro en caso contrario.

NOVENA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.-

Ou presente convenio resolverase:

- Denuncia unilateral con preaviso de tres meses ou mutuo acordo.
- Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- Polo vencemento do prazo de vixencia.

No caso de resolución do convenio cada concello recuperará os medios persoais e materiais adscritos ao desenvolvemento deste.

DÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o día 31/12/2018 salvo no que se refire ós bens aos que se destinará o fin concreto para o cal se concede a subvención durante un período de cinco anos de conformidade co disposto no artigo 28.d da Orde de 21 de Decembro de 2017 pola que se regulan os criterios de repartición

e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2018, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia.

UNDÉCIMA - NATUREZA DO CONVENIO

O presente convenio ten natureza administrativa e ás discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas pola comisión de seguimento quedando ás partes suxeitas á xurisdición contencioso - administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

DÉCIMO SEGUNDA.- NORMATIVA APLICABLE

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable segundo a materia obxecto do convenio.-

DÉCIMO TERCEIRA.- XURISDICIÓN COMPETENTE

Os conflitos que se susciten en desenvolvemento do presente convenio serán coñecidos, en primeira instancia, polos concellos implicados, en caso de non chegar a un acordo, ás partes someterán ás cuestións litixiosas ao coñecemento dos tribunais do orde xurisdiccional contencioso -administrativo.

DÉCIMO CUARTA.- Os Concellos de LOURENZÁ E TRABADA adquiren o compromiso solidario de execución e de aplicación solidaria da subvención.

DÉCIMO QUINTA.- Os Concellos de LOURENZÁ E TRABADA, comprométese a non disolución da agrupación mentres non transcorra os prazos de prescrición previstos nos artigos 35 e 65 da Lei de Subvencións de Galicia.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asíñase polas partes comparecentes, por triplicado exemplar e para un só efecto, no lugar e data que se sinalan no encabezamento.

ANEXO I

CONCELLO DE LOURENZA		
ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO PARA PROTECCIÓN MEDIOAMBIENTAL NOS CONCELLOS DE LOURENZA-TRABADA		
Medios Materias	Construción de soleiras de formigón	Solicítase a subvención para a súa construción e distribuírse equitativamente entre ambos concellos
	subministro de 3 contedores metálicos de 3m/c para recollida selectiva de papel/cartón, 5 contedores iglús de 3 m/c para recollida selectiva de vidro, 50 contedores de 800 L verdes para recollida de residuos sólidos urbanos, 10 contedores de 800L amarelos para recollida selectiva de	Solicítase a subvención para a súa compra e distribuírse conforme o solicitado entre ambos concellos

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenzá

	envases, 30 contedores de 360 L verdes para recollida de residuos sólidos urbanos, o subministro e instalación de 103 soportes inox para a suxeición de contedores rodantes de recollida de residuos sólidos urbanos de 800L, fabricados en inox, anclados a soleira de formigón de dous tipos en función da situación do terreo onde vai colocado o contedor das que se construírán 102.	
DESBROCE DE CAMIÑOS		
Medios Persoais	D. Jesús Amor Vizcaíno	Contratado polo Concello de Trabada e asúmese o 50% dos gastos
Medios Materiais	Tractor	Propiedade do concello
MANTEMENTO ESPAZOS NATURAIS		
Medios Persoais	D. Jorge Maseda Baamonde	Persoal Laboral do Concello
Medios Materiais	Cortacésped, desbrozadores, motoserras, etc.	Propiedade do concello

ANEXO II

CONCELLO DE TRABADA		
ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO PARA PROTECCIÓN MEDIOAMBIENTAL NOS CONCELLOS DE LOURENZA-TRABADA		
	Construción de soleiras de formigón	Solicítase a subvención para a súa construción e distribuírse equitativamente entre ambos concellos
Medios Materiais	subministro de 3 contedores metálicos de 3m/c para recollida selectiva de papel/cartón, 5 contedores iglús de 3 m/c para recollida selectiva de vidro, 50 contedores de 800 L verdes para recollida de residuos sólidos urbanos, 10 contedores de 800L amarelos para recollida selectiva de envases, 30 contedores de 360 L verdes para recollida de residuos sólidos urbanos, o subministro e instalación de 103 soportes inox para a suxeición de contedores rodantes de recollida de residuos sólidos urbanos de 800L, fabricados en inox, anclados a soleira de formigón de dous tipos en función da situación do terreo onde vai colocado o contedor das que se construírán 102.	Solicítase a subvención para a súa compra e distribuírse conforme o solicitado entre ambos concellos
DESBROCE DE CAMIÑOS		
Medios Persoais	D. Jesús Amor Vizcaíno	Persoal Laboral do Concello que traballa 50% en cada concello
Medios Materiais	Tractor	Propiedade do concello
MANTEMENTO ESPAZOS NATURAIS		
Medios Persoais	D. José Luis Reigosa Espasande	Persoal Laboral do Concello
Medios Materiais	Cortacésped, desbrozadoras, motoserras, etc.	Propiedade do concello

SEGUNDO.-Facultar a Sra. Alcaldesa, D^a. Rocío López García para a sinatura de documentos e xestión de trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenzá

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506